

b i b l i o t e c a b á s i c a d o c o m e r c i o

g a l e g @ v e n d e l




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

b i b l i o t e c a b á s i c a d o c o m e r c i o

e d i t a : Consellaría de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Comercio.
c o o r d i n a : Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
d a t a : Xullo 2008
d e p ó s i t o l e g a l : C I 52-2009



g a l e g @ v e n d e l

PRESENTACIÓN

A Consellaría de Innovación e Industria marca como un dos seus obxectivos principais acadar a plena profesionalización do sector comercial.

É unha satisfacción para min presentar esta colección de manuais prácticos para o noso sector comercial que denominamos como "Biblioteca Básica do Comercio". Trátase dunha colección de manuais cos que queremos contribuir a unha maior formación dos/as profesionais do sector do comercio naqueles temas que sendo de máximo interese e actualidade teñen que ver coa súa actividade cotiá .

Pretendemos dotar o noso comercio dunha ferramenta de apoio onde se traten temas fundamentais dunha forma sinxela e práctica dándolle prioridade á elaboración de pautas e recomendacións adaptadas ás súas necesidades.

Os cambios no comercio galego deben ir parellos ás profundas transformacións que se están a producir no mercado. A clientela, cada vez máis formada e informada, precisa de comerciantes que respondan ás súas necesidades.

O mantemento dunha posición competitiva require do desenvolvemento e potenciación dos elementos que o caracterizan: atención personalizada, especialización con respecto a outras fórmulas comerciais, maior coñecemento dos produtos e, polo tanto, a posibilidade dun mellor asesoramento ás persoas que se achegan aos establecementos comerciais, sendo ademáis fundamental obter unha diferenciación competitiva e un posicionamento baseado na calidade do servizo.

O obxectivo da Consellaría de Innovación e Industria é precisamente consolidar o comercio galego como un comercio de calidade e un sector económico de referencia.

Con esta iniciativa queremos dar un paso máis neste sentido e, agardo que a colección que presentamos sexa da súa máxima utilidade.

FERNANDO X. BLANCO
Conselleiro de Innovación e Industria

LIMAR

O comercio polo miúdo ten nas súas mans ferramentas que permiten por unha banda, amosar dun xeito dinámico e atractivo os produtos (fronte á presentación pasiva) e por outra facer máis agradable a acción de compra da clientela.

Na procura dun comercio galego competitivo e de calidade adaptado ás necesidades da clientela, o Dicionario Básico do Comercio Galego recolle unha relación de termos e expresións xenéricas empregadas habitualmente tanto durante a actividade de venda como no trato diario coa clientela.

Neste sentido, dado o papel socializador que exerce o comercio de proximidade no trato coa clientela dos barrios, vilas e cidades galegas, o seu labor é de vital importancia para o fomento e normalización do uso da lingua galega.

En definitiva, esta recompilación xeral de termos pretende ser unha guía de consulta práctica para facilitar o uso do galego e poder comunicarse correctamente coa clientela durante a actividade de venda e prestar así, un servizo de excelente calidade.

A Consellaría de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia, vén de crear a Biblioteca Básica do Comercio, unha colección de manuais-guías para contribuír á formación dos/as profesionais do sector nos aspectos clave no desenvolvemento da súa actividade comercial.

Esta iniciativa formativa e de posta ao día dos/as comerciantes representa, sen dúbida, un impulso máis a un comercio galego de calidade, competitivo, e fortemente comprometido coa sociedade e co seu ámbito.

A Biblioteca Básica do Comercio complementa outras actuacións levadas a cabo pola Consellaría de Innovación, a través da Dirección Xeral de Comercio, que permitiron, con grande éxito, a implantación do Selo de Calidade do Comercio Galego.

A obra, cun enfoque divulgativo, áxil e fundamentalmente práctico, e cunha presentación amena, atractiva e de fácil comprensión, consta inicialmente de 13 títulos:

Apaga o candil: medidas e hábitos de aforro enerxético.

Coidadiño: prevención de riscos laborais no comercio.

Paso libre: accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

Bo día: a importancia da atención ao cliente.

Salta á vista: técnicas de escaparatismo.

Máis por menos: técnicas de mercadotecnia e vendas.

Con todas as da lei: a normativa básica do comercio.

Envolto para que volte: guía do empaquetado e presentación de artigos.

Coidando o meu ambiente: actuacións e prácticas que minimizan o impacto medioambiental.

O meu produto como "tic" queiras: TIC e comercio electrónico (e-commerce).

Galeg@ vende (Tomos 1 e 2): o respecto dos dereitos lingüísticos como ferramenta estratéxica e competitiva.

Sei que me queres: técnicas e prácticas para a fidelización de clientela.

ANA MARÍA RÚA SOUTO
Directora Xeral de Comercio

ÍNDICE

1 VOCABULARIO XERAL DO COMERCIO

2 EXPRESIÓNs MÁIS FRECUENTES

3 CONFUSIÓNs SEMÁNTICAS

4 ERROS MÁIS FRECUENTES

5 ANEXOS

VOCABU- LARIO XERAL DO COMER- CIO



Á BEIRA: Ao lado de, xunto a, ao pé de. Sin. a carón, ao carón de.

A CONTRAMÁN: En dirección contraria á acostuada á que se segue un suxeito ou á prescrita pola autoridade.

A CURTO PRAZO: Horizonte temporal, ou vencemento dunha transacción, inferior a un ano.

A DESHORA: Fóra de hora ou de tempo.

A FEITO: Seguido, sen escoller, ordenadamente e sen deixar nada. Sin. a eito.

A PREZO AXUSTADO: Que se axusta a unha cantidade determinada previamente..

ABARATAR: Diminuír ou baixar o prezo de algo, facelo máis económico ou máis accesible.

ABOAR: Pagar unha cantidade de diñeiro determinada por un produto ou mercadoría. *Aboamento, aboamento en conta.*

ABOFÉ: Certamente, de verdade, sen dúbida.

ABONDO: Que chega, que é suficiente. Sin. bastante, dabondo.

ACEPTACIÓN: 1. Éxito que ten unha empresa ou acción. 2. Acción ou efecto de aceptar, de recibir algo que se ofrece ou de mostrarse de acordo con algo.

ACÓ: Indica proximidade ao que fala expresando a noción de movemento.

ACOLÁ: Indica o lugar máis afastado do/a falante.

ACONDICIONAMENTO DO LOCAL: Disposición dun establecemento nas condicións axeitadas.

ACOTÍO: A diario, todos os días. Sin. decote, decotío.

ACREDOR: Que ou quen ten dereito a esixir o cumprimento dunha obriga ou pagamento.

ADIANTE: 1. No lugar anterior. Sin. diante. 2. En dirección á fronte.

ADIANTO: 1. Cantidade de diñeiro que se entrega ou percibe anticipadamente dun salario, pagamento, etc. Sin. anticipo. 2. Acción de adiantar.


AFORRAR: 1. Economizar, gardar ou reservar. 2. Diminuír o consumo. *Aforro.*

AFUNDIR: 1. Botar ou ir ao fondo. 2. Facer penetrar ou penetrar algo nun corpo. 3. Facer caer ou caer un/unha en situación de desgraza ou desanimo. *Afundimento de bolsa.*

AGASALLO: Regalo, obsequio. Mostra de consideración ou afecto. Sin. Galano, regalo.

ALBARÁ: Documento que acompaña as mercadorías cando son entregadas no que se indica a natureza, a cantidade, o prezo, a data de entrega, e o nome do/a comprador/a e do vendedor/a. Recibida a mercadoría, débese devolver asinado ao vendedor co fin de que este emita a factura.

ALMACÉN: Lugar ou espazo onde se acumulan grandes cantidades de mercadorías para seren posteriormente distribuídas ou vendidas. *Almacenamento, almacenaxe, almacenista.*



ALTOFALANTES: Aparello eléctrico que permite reproducir con maior intensidade os sons.

ALUGUEIRO: 1. Acción de ceder ou tomar o uso dalgũa cousa, con certas condicións, por un prezo acordado. Sin. arrendar. 2. Persoa que toma algo alugado. 3. Persoa que cede unha propiedade en aluguer. Sin. alugador. 4. Prezo en que se aluga unha cousa.

ALUGUER: Cesión dunha cousa para o seu uso e goce durante un tempo determinado a cambio do pagamento dun prezo convido entre o/a arrendatario/a e o/a arrendador/a. Sin. arrendamento, arrendo, alugamento.



ALZA: Aumento do prezo ou valor dunha cousa. Sin. suba.

AMAÑAR: 1. Preparar, facer que funcione o que está avariado. 2. Solucionar algo. Sin. arranxar, reparar.

AMODO: Devagar, lentamente, con moderación.

AMONTOAR: Reunir cousas en abundancia para o seu almacenamento. Sin. amorear.

AMORTIZAR: Pagar unha débeda dunha vez ou por pagamentos sucesivos.

ANDAR: 1. Altura en que se subdivide horizontalmente unha construción ou edificio. 2. Achegarse a unha cifra ou cantidade determinada. 3. Percorrer unha distancia, ir dun lado a outro. 4. Mover ou trasladar un medio de transporte.

ANDEL: Táboa ou prancha de calquera material, colocada horizontalmente na parede ou nun moble, para colocar cousas enriba. Sin. estante. *Andel mural.*

ANTEPROXECTO: Conxunto de traballos previos ao proxecto definitivo.

ANTIRROUBO: Dise do dispositivo ou instalación que protexe contra o roubo.

ANTONTE: No día que precedeu inmediatamente ao de onte.

ANUNCIANTE: Persoa ou entidade que paga a inclusión dun anuncio publicitario ou medio de comunicación.

AO CHOU: Sen escoller nin pensalo, a rumbo, ao azar.

APARCADOIRO: Lugar onde se aparcan ou estacionan vehículos. *Ampla aparcadoiro, aparcadoiro de balde..*



APARELLO: 1. Obxecto mecánico ou non, constituído por varias pezas combinadas para executar un traballo ou realizar unha función. Sin. aparato, instrumento. 2. Conxunto de instrumentos e utensilios necesarios para realizar un determinado traballo. Sin. ferramenta.

APRAZAR: Deixar para outro momento posterior ao previsto. *Aprazamento.*

APROVISIONAMENTO: Conxunto de tarefas necesarias para poñer á disposición da empresa materiais e produtos para a súa venda, no momento e na cantidade idónea, no lugar preciso e coa calidade desexada. Sin. abastecemento.

APUNTAMENTO: Nota que se toma por escrito.

ARMARIO EMBUTIDO: Moble con portas, andeis ou colgadoiros no interior que se constrúe de obra, polo xeral no interior dunha parede ou muro.

ARQUIVO: Lugar onde se gardan documentos. *Arquivador.* Sin. ficheiro.

ARTIGO: Cousa, obxecto coa que se comercia.

ASESORAR: Dar ou tomar consello, información, axudar ou asistir. *Asesoramento.*

ASINAR: Poñer a sinatura nun escrito.

AUTOSERVIZO: Sistema de venda empregado nalgúns establecementos, no que se dispoñen os artigos ao alcance da clientela, que vai collendo o que lle interesa e o paga ao saír do establecemento.

AXENCIA: Establecemento ou empresa que, mediante pagamento, xestiona asuntos alleos ou realiza certos servizos, actuando polo xeral de intermediario. *Axencia de viaxes, axencia matrimonial.*

AXENDA: 1. Caderno onde se anota o que cómpre lembrar. 2. Relación ordenada das xestións que se han facer dos asuntos que se han tratar.

AXIÑA: Nun breve espazo de tempo. En moi pouco tempo. Tan pronto como. Sin. enseguida, decontado, pronto. **Volto/volvo axiña:** Expresión que se emprega cando o/a vendedor/a ten que pechar o establecemento durante un curto período de tempo, non superior a quince minutos. Sin. volto/volvo en cinco minutos.

AXUDANTE: Persoa que asiste e acompaña a un ou unha profesional nalgunha actividade ou profesión para adquirir o coñecemento desta.

AXUDAS DE CUSTO: Retribución que se percibe por gastos diversos, ou por traballar fóra do lugar habitual de residencia.



BAIXADA DE PREZOS: Diminución do prezo dos produtos.

BALDA: Nivel dun estante.

BALEIRO: Sen contido, desocupado, libre.

BARDANTE: A excepción de, fóra de.

BASE IMPOÑIBLE: Cantidade que serve de base para efectuar o cálculo do % tipo impositivo que corresponda segundo o imposto.

BEIRARRÚA: Parte lateral dunha rúa ou vía pública destinada aos peóns.

BENEFICIO SOBRE AS VENDAS: Porcentaxe que resulta de dividir o beneficio entre os ingresos obtidos polas vendas.

BILLA: Chave ou aparello para controlar o paso ou saída dun líquido por un conduto.



BILLETE DE VISITA: Pequena cartolina co nome e outros datos entre eles o enderezo e o teléfono dunha persoa. Sin. cartón de visita, tarxeta de visita.

BO/BOA: Que posúe as calidades ou características que corresponden á súa natureza ou función.

BOCA A BOCA: Estratexia de comunicación baseada en provocar as recomendacións da clientela actual á clientela potencial.

BONO: Tarxeta que se pode cambiar por algún produto ou servizo. Sin. vale. *Bono desconto.*



BRANCO/A: Cor da neve, o leite ou a luz solar. É a resultante de combinar todas as cores do espectro.



CABECEIRA: Superficie de venda perpendicular á parte inicial ou final dos andeis na cal se adoitán promover os produtos.

CADANSEU/CADANSÚA: Indica unha distribución, onde a cada individuo se lle adxudica un obxecto ou un determinado número de obxectos.

CADEA DE ESTABLECEMENTOS: Conxunto de establecementos, instalacións e construcións da mesma especie e función, organizadas en sistema e pertencentes a unha soa empresa ou sometidas a unha soa dirección. Sin. cadea comercial.

CADEIRA: Asento individual con respaldo e ás veces con brazos. *Cadeira de rodas.*

CADRO DE PERSOAL: Conxunto de traballadores/as en nómina dunha empresa.

CAIXA: 1. Embalaxe no cal se serven os produtos. 2. recipiente de madeira, metal ou outro material de forma e tamaño variable, con tapa, que serve para gardar cousas. *Caixa de suxestións, caixa de urxencias, caixa forte.*



CAIXA REXISTRADORA: Máquina empregada nos comercios para sinalar e calcular automaticamente o importe das vendas.

CAIXEIRO/A: Persoa que está ó cargo dunha caixa, para atender os cobramentos e pagamentos realizados pola clientela.

CAIXEIRO AUTOMÁTICO: Máquina expendedora usada para extraer diñeiro empregando unha tarxeta magnética, sen necesidade de persoal do banco.

CAIXÓN: Cada un dos receptáculos que se poden meter e sacar nalgúns mobles. Sin. gabeta.

CALIDADE: Características que se esperan dun produto ou servizo en relación ao seu prezo.

CALQUERA: Denota unha cousa ou persoa indeterminada. Pode ter sentido despectivo cando expresa que aquilo ao que se aplica carece de importancia ou valor.

CAMPAÑA DE NADAL: Campaña comercial de grandes vendas comprendida entre finais de novembro e o sete de xaneiro.

CARGAR: 1. Apuntar nunha conta as partidas que corresponde ao debe. Cargo. 2. Poner nun vehículo mercadorías para ser transportadas.

CARTEIRA: 1. Conxunto de contratas ou pólizas de seguros e de operacións de reaseguramento. 2. Conxunto de valores e efectos comerciais que forman parte do activo dunha empresa ou banco.

CARTEIRA DE CLIENTES/AS: Son aquelas persoas ás que algunha vez se lle vendeu algo e mantense o contacto mutuo.

CARTEIRA DE PRODUTOS: Grupo de produtos, servizos ou marcas que son ofrecidos por unha compañía para a súa venda.


CARTEL: Papel ou cartón con texto e debuxos que se exhibe nun lugar público con fins publicitarios.

CEDO: Nas primeiras horas do día. Antes do tempo acordado ou esperado.

CENTO: Conxunto de cen unidades. Dez veces dez. Centésimo.

CENTRO COMERCIAL ABERTO: Agrupación dun número indeterminado de establecementos comerciais independentes que están situados en rúas urbanas dun espazo concreto con tradición comercial na zona (habitualmente en cascos históricos das cidades), e están vinculados a través dunha sociedade xurídica e cunha xestión externa común, cun criterio de unidade e imaxe propia e permanente.

CHANZO: 1. Cada unha das pezas horizontais dunha escaleira que se van pisando ao subir ou baixar. Sin. banzo. 2. Travesa horizontal dunha escada. 3. Cada un dos diferentes niveis nos que se sentan os espectadores dun estadio, anfiteatro ou doutra instalación semellante.



CHEO: Ocupado, repleto de algo, con abundancia.

CHEQUE: Mandato escrito de pagamento, para cobrar nun banco dos fondos dispoñibles do expendedor. *Cheque regalo.*

CLIENTELA: Conxunto de clientes/as dun establecemento comercial, empresa, profesional, etc. *Clientela obxectivo, clientela potencial.*

CO GALLO DE: Co motivo de, coa desculpa de.

COLGADOIRO: Percha, garfo ou calquera instrumento que serve para colgar del calquera cousa.

COMERCIAL: 1. Dise do que é fácil de vender ou foi realizado pensando no éxito da súa venda. 2. Pertencente ou relativo aos comercios ou comerciantes. 3. Vendedor/a.

COMERCIO: 1. Conxunto de actividades de compra, venda ou intercambio de produtos co obxectivo de conectar a produción co consumo ou co investimento. 2. Conxunto de comerciantes e actividades comerciais dunha poboación ou país. 3. Establecemento dedicado á actividade comercial. Sin. tenda, negocio.

COMERCIO ELECTRÓNICO: Consiste na compra e venda de produtos ou servizos a través de medios electrónicos, tales como a Internet e outras redes computadoras.

COMERCIO POLO MIÚDO: Distribuidor retalista que vende produtos ao consumidor/a final.

COMERCIO POR XUNTO: Distribuidor almace-nista compoñente da cadea de distribución que non se pon en contacto co/coa consumidor/a final.

COMPRAR: Adquirir algo por diñeiro. Sin. mercar. (Existen distintos tipos de compras: Compra impulsiva, modificada, necesaria, planificada, realizada, recordada, suxerida). *Compravenda, compra mestra, compra vantaxosa.*

CONTA: 1. Relación de gastos e ingresos dunha actividade comercial. 2. Cantidade que hai que pagar ou cobrar. 3. Depósito de diñeiro que hai nunha entidade financeira. **A conta:** Pago dun anticipo ou sinal dunha suma que deberá ser aboada, que se descontará do pagamento final.

CONTABILIDADE: Sistema para levar as contas de gastos e ingresos nunha empresa.

CONTEDOR: 1. Expositor masivo de mercadorías no que o produto aparece desordenado. Permite a visualización total do produto que contén. 2. Caixa grande con tampa ou porta, que pode estar feita de diversos materiais e que se utiliza para conter e transportar o lixo, mercadorías, etc. Sin. colector.

CONVIR: 1. Pórse de acordo. 2. Ser conveniente, útil, axeitado ou bo, para unha persoa ou cousa.

CORREDOR: Espazo interior de paso nun establecemento ou lugar, máis ou menos longo e estreito que comunica os distintos departamentos ou estancias.

COSTUME: Modo ou práctica regular de certa cousa, levada a cabo por unha persoa ou unha colectividade. Sin. hábito, práctica, uso.

COTA: Cantidade de diñeiro que lle corresponde a cada quen nun gasto común ou contribución ao mantemento dunha entidade da que forman parte.


COTIÁN: Diario, de cada día.

CREDIBILIDADE: Efecto causado mediante a honradez, veracidade e sinceridade amosada polo persoal do establecemento comercial á clientela.

CRÉDITO: 1. Operación pola que unha persoa ou entidade lle presta a outra certa cantidade a devolver, xunto con xuros en determinados prazos ou prazo. 2. Cantidade prestada. Sin. préstamo. **A crédito:** Expresión que se emprega na compravenda de bens e servizos que implica a súa entrega sen esixir o seu pagamento inmediato, que normalmente se realizará a 30, 60 e/ou 90 días.

CUMPRIMENTAR: 1. Facer a un os debidos cumprimentos ou mostras de cortésia; saudar, felicitar. 2. Poñer en execución unha orde.

CURRÍCULO: Relación dos datos, títulos e traballos realizados que presenta a persoa a un cargo ou emprego.



CUSTO: 1. Cantidade que se paga pola adquisición dunha cousa. 2. cantidade que custou elaborar un determinado ben de consumo.

CUSTOSO: Que custa moito diñeiro, traballo, sacrificio, etc. Sin. caro.



DANOS E PERDAS: Expresión coa que se designan os prexuízos causados por unha persoa a outra, e que dan dereito a indemnización.

DAQUELA: 1. Contracción da preposición de máis o pronome demostrativo feminino singular *aquela*. 2. Naquel tempo, naquel momento. Sin. entón.

DAR A ALTA: Notificación a facenda do inicio dunha actividade suxeita a imposto. **Darse de alta:** Ingresar nunha profesión, asociación, etc.

DAR A BAIXA: Acto en que se declara o cesamento temporal ou definitivo dunha industria ou persoa nun corpo ou carreira. **Darse de baixa:** Deixar de pertencer a unha profesión, asociación, etc.

DE BALDE: Sen pagar ou cobrar nada a cambio. Gratuíto, gratuitamente.

DE PORTA A PORTA: Transporte de mercadorías que se recolle no domicilio do remitente e se entrega no da persoa destinataria.

DE SOCATO: De forma rápida e inesperada. Sin. de súpeto.

DE XEITO QUE: De modo ou forma apropiada.

DÉBEDA: Obriga que unha persoa ten de pagar a outra por causa de ter recibido en préstamo algo, xeralmente cartos.

DECOTE: Con moita frecuencia, de feito continuado, todos os días.

DEICA: Indica o final nunha acción, lugar, tempo ou cantidade. *Deica logo, deica mañá, deica un pouco.*

DENOMINACIÓN DE ORIXE: Designación dun nome xeográfico como lugar de fabricación, elaboración ou extracción do produto.

DEPENDENTE/A: Persoa que presta os seus servizos nun comercio, especialmente atendendo á clientela.

DEREITA: Parte que queda á man dereita, oposto á esquerda.

DESBOTAR: 1. Rexeitar, refugar. 2. Botar a perder unha oportunidade.

DESCONTO: Rebaixa do prezo normal dun produto ou servizo.

DESCULPEN AS MOLESTIAS: Expresión de pesar que serve para xustificar determinadas situacións como poden ser peche, reformas...



DESPEDIMENTO: Extinción dun contrato laboral pola vontade unilateral dun/dunha empresario/a.

DETALLE: Pormenor ou relación, conta unha lista circunstanciada.

DIANTE: No sitio ou parte anterior, no primeiro lugar na orde ou colocación. Sin. adiante..

DIFERENZA: Característica polo que unha cousa se distingue doutra.

DIÑEIRO: Moeda metálica ou en papel cun valor determinado. *Diñeiro miúdo.*

DISQUE: Coméntase, dise, segundo parece. Sin. Seica.

DO NADAL: Relativo ou pertencente ao tempo, época ou festas do Nadal.

DOADO: Fácil, sen complicacións. Sin. sinxelo.

DOUS POR UN: Compra onde se oferta a venda de dous produtos pagando só por un.

DUCIA: Conxunto formado por doce cousas.



EFFECTO: 1. Situación á que se chega por medio dunha acción. Sin. consecuencia, resultado. 2. Documento ou valor mercantil, sexa nominativo, ao portador, etc. 3. Mercadoría artigo de comercio. 4. Conxunto de obxectos de certo valor, que unha persoa ten gardados ou leva consigo. *Efectos navais.*

EMBAIXO: Un lugar máis baixo, desde o punto de vista ou situación do/a falante.

EMBALAXE: 1. Envoltura destinada a resgardar os produtos durante a súa almacenaxe e transporte. 2. Acción ou efecto de embalar. 3. Caixa ou cuberta coa que se resgardan as mercadorías que se van transportar.

EMPREGADO/A: Persoa que traballa por conta allea.

EMPRÉSTITO: 1. Préstamo que toma o estado, unha institución ou unha empresa saíndo ao mercado de valores. 2. Cantidade así prestada.


EN MAN: Compravenda de bens e servizos que implica a entrega dos cartos de forma simultánea á entrega do ben ou servizo.

ENCARGADO/A: Persoa que é responsable dunha tenda, almacén, establecemento, etc. *Encargado de almacén, encargado de tenda.*

ENDEREZO: Indicación dun lugar, entidade ou establecemento.

ENDEXAMAI: Nunca, xamais, en ningún tempo, en ningunha ocasión.

ENQUIISA: Conxunto de datos obtidos mediante consulta a un certo número de persoas. *Enquisa de satisfacción.*



ENREIXADO: Conxunto de reixas dun establecemento que serven para a súa protección.

ENRIBA: Nun lugar superior desde o punto de vista do/a falante.

ENSINAR: 1. Facer adquirir a alguén o coñecemento ou a práctica de algo. 2. Amosar, expoñer ou mostrar unha cousa para que sexa vista e apreciada. 3. Dar a coñecer, facer saber. 4. Poñerlle a alguén de manifesto algunha cousa.

ENVASE: Aquilo que envolve ou contén artigos de comercio ou outros efectos para conservalos e transportalos.

ENVÍO DE PUBLICIDADE: Con ou sen dirección, que se realiza a receptores/as seleccionados/as. As fórmulas máis usuais son as realizadas mediante un sobre de envío por correo, carta publicitaria, folleto ou tarxeta de resposta con franqueo en destino.


ENVOLTORIO: 1. Capa externa que cobre o produto. 2. Aquilo que serve para envolver. *Envoltorio para agasallo.*

ERRATA: Equivocación material cometida nun impreso ou manuscrito. *Erro.*

ESCALA: Utensilio formado por dúas barras longas e paralelas que se unen por travesas equidistantes, que realizan a función de chanzos para subir ou descender.



ESCALEIRA: Construción formada por un conxunto de pasos ou superficies planas situadas en niveis sucesivos, que serve para subir e baixar por ela.



ESMOLA: Aquilo que se lles dá ás persoas que non teñen medios propios para vivir.

ESPAZO: Extensión indefinida que contén todos os obxectos sensibles existentes.

ESPECIALIZACIÓN: Estratexia comercial que consiste en centrar a gama de produtos nunha determinada amplitude e profundidade da variedade de produtos.

ESPELLO: Obxecto no que se ve unha persoa retratada.

ESQUERDA: Parte que queda á man esquerda, contrario á parte dereita.

ESTABLECEMENTO: Lugar onde se exerce unha industria ou profesión. *Establecemento vixiado.*

ESTACIONALIDADE: Variación do volume de vendas en función dos distintos meses ou tempadas.

ESTOUTRO: Contracción do pronome demostrativo este co identificador outro. Indica unha persoa ou cousa que se atopa en posición próxima con respecto a quen fala. *Esoutra, aqueloutros, nestoutra, daqueloutros.*

ESTREAR: 1. Facer un/unha vendedor/a ou negociante a primeira transacción do día. 2. Facer uso por primeira vez dunha cousa.

ETIQUETA: Marca, sinal ou adhesivo que se coloca nun produto ou nunha mercadoría para a súa identificación, valoración, clasificación, etc.

EXCLUSIVIDADE: Ámbito no cal un/unha vendedor/a ou distribuidor/a é o/a único/a habilitado/a para comercializar un determinado produto ou servizo nunha zona determinada.

EXERCICIO SEN ERROS: É o resultado da contabilización de operacións contables.

EXISTENCIAS: Mercadorías están dispoñibles nunha fábrica ou establecemento.



FACTURA: Documento que acredita legalmente a operación de compravenda. Debe incluír todos os datos necesarios relativos ao vendedor/a e comprador/a, así como aos artigos, engadindo descontos, impostos, embalaxes e portes cando así se acordase. *Factura proforma.*

FAMILIA DE PRODUTOS: Conxuntos de artigos que satisfán a mesma necesidade xenérica, formando diferentes categorías de produtos. Representan o conxunto de necesidades que satisfai a oferta comercial do establecemento.

FEIRA: 1. Mercado periódico de certa importancia. 2. Exposición comercial periódica e recinto onde se celebra.

FIABILIDADE: Capacidade para executar o servizo prometido sen erros, facendo as cousas ben á primeira.

FIAR: Aprazar o cobro do que se vende.

FIDELIZACIÓN: Técnica consistente en potenciar a permanencia da clientela e o persoal na súa relación coa empresa.

FINANCIAR: Achegar capital a unha empresa ou actividade. *Financiamento, financiamento a medida.*

FLUXO DE CIRCULACIÓN: Percorrido que a clientela fai dentro dun establecemento comercial.

FOLLA DE RECLAMACIÓN: Documento oficial a disposición dos/as consumidores/as ou usuarios/as para manifestar unha queixa e solicitar o esclarecemento dos feitos.

FOLLETO: Ferramenta de promoción mediante a cal se dá a coñecer entre a clientela as ofertas durante un determinado período de tempo.

FORNECER: Dar ou venderlle a alguén algo que necesita ou facer que estea á súa disposición. Sin. subministrar.

FRANQUÍA: 1. Contrato a través do cal unha empresa autoriza a alguén a empregar a súa marca e imaxe e vender os seus produtos baixo determinadas condicións. 2. Cláusula dun contrato de seguros pola que o/a asegurado/a se compromete a facerse cargo dos prexuízos que non superen unha cantidade mínima. 3. Exención do pagamento dalgún imposto, taxa ou arancel.

FRONTE A: No lado oposto á parte frontal.



GALANO: 1. Obsequio que se fai a unha persoa. Sin. agasallo, regalo. 2. Lambetada ou calquera chilindrada que se lle leva a un/unha neno/a.



GAMA DE PRODUCTOS: Conxunto de produtos que unha empresa vende ou fabrica.


GASTO FIJO: Aquel que se mantén constante mes a mes.

GRANDE ALMACÉN: Tendas por departamentos que ofertan unha ampla variedade de produtos para satisfacer distintas necesidades.

GRAVAME: Obriga normalmente económica que pesa sobre algo ou alguén.

GRAZAS: Expresión de agradecemento ou cortesía.

GUÍA DE RÚAS: Lista ou conxunto de rúas e datos dunha cidade ou lugar para dar información ao/á usuario/a.





HÁBITOS DE MERCA: Conxunto de actos e accións realizados de maneira repetitiva por parte dos/as compradores/as e consumidores/as.

HORARIO COMERCIAL: Distribución da xornada laboral que comprende desde a apertura até o peche do establecemento. *Horario de apertura, horario de peche.*




HOXE EN DÍA: Nesta época.

I.V.E: Trátase dun imposto de natureza indirecta que recae sobre o consumo e grava as seguintes operacións:

- entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas por empresarios/as ou profesionais.
- adquisicións intracomunitarias de bens.
- importacións de bens, tanto de profesionais e empresarios/as como de particulares.

ILLA: Forma de presentación masiva e illada dun produto ou dun pequeno conxunto de produtos colocados fóra do lineal e sen ningún contacto con outros produtos. Xeralmente, preséntase unha cantidade de produtos colocados directamente sobre o chan ou sobre algún soporte que permita a súa separación do resto.



IMAXE: Percepción que os/as consumidores crean dun produto, empresa ou establecemento. *Imaxe do produto.*

IMPOSTO: Cantidade de diñeiro que se lle paga á administración para o seu funcionamento.

INDA QUE: No caso de que, por máis que, a pesar de que..

INSERIR: Facer que unha cousa penetre no interior dunha cousa. Sin. introducir.

INVESTIR: Empregar o capital en negocios para que aumente. *Investimento.*



LÁMPADA: Utensilio ou aparello que serve para dar luz artificial.

LEGER: Tempo do que se dispón para facer algo por gusto propio ou para descansar. Sin. ocio, descanso.

LICENZA: 1. Autorización concedida polo ou pola titular para facer algunha cousa. 2. Documento no que consta esta autorización.

LIMPAR: Quitar a sucidade. *Limpeza.*

LINEAL: Conxunto de andeis no espazo interior do punto de venda.

LIÑA DE PRODUTOS: Conxunto ou gama de produtos de características similares destinados a satisfacer as mesmas necesidades do/a consumidor/a.

LIQUIDAR: 1. Determinar o activo e o pasivo de calquera negocio ou corporación para axustar as contas. 2. Saldar de forma definitiva unha conta. 3. Facer o axuste final de contas dun negocio e cesar nel. 4. Vender algo por un prezo inferior ao real para esgotar a mercadería existente.

LIQUIDACIÓNS: Modalidade de venda con carácter excepcional na que teñen que concorrer algunha das seguintes circunstancias: Cesamento total ou parcial da actividade comercial: No caso dun cesamento parcial, o/a comerciante terá que indicar a clase de mercadorías obxecto da liquidación. (Segundo a Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do Comercio Interior de Galicia).

- Cambio de ramo do comercio: cando se dá un cambio substancial na orientación do comercio.
- Cambio de local ou realización de obras.
- Calquera suposto de forza maior que supoña un grave obstáculo para o normal desenvolvemento da actividade comercial.
- Por execución dunha decisión xudicial ou administrativa.




LIXO: 1. Todo aquilo que se varre para deixar unha cousa limpa. 2. Refugallos. Sin. sucidade, porcallada. *Lixo doméstico, camión do lixo.*

LOGO QUE: Despois, máis tarde.

LONXE: A gran distancia no tempo ou espazo.

LOTE: 1. Cada unha das partes nas que se divide un todo para a súa repartición. Sin. quiñón. 2. Porción de cousas atadas. Sin. feixe, atado. 3. Conxunto de obxectos similares que se agrupan nunha poxa, sorteo, etc. Sin. partida. Lote promocional.



MAILA QUE: A pesar de que, aínda que, non obstante.

MARCA: Nome, termo, símbolo ou deseño que permite identificar un produto, servizo ou empresa e diferenciarlos da súa competencia. Sin. distintivo, sinal. *Marca branca, marca de prestixio.*

MARXE: Diferenza entre o prezo de venda e o prezo de adquisición. Contía do beneficio que se pode obter nun negocio tendo en conta o prezo de custo e o de venda.

MENSUALIDADE: Soldo dun mes; pagamento mensual.

MERCADORÍA: Calquera cousa que é ou pode ser obxecto de comercio. Sin. mercancía.

MERCADOTECNIA: Conxunto de técnicas e accións destinadas a mellorar e alcanzar os obxectivos da empresa e satisfacer as necesidades do/a consumidor/a. *Mercadotecnia directa, Mercadotecnia Mix.*


MINGUA: 1. Acción e efecto de minguar, diminuir. 2. Carencia ou escaseza do necesario. 3. Perda de mercadoría en curso do transporte, almacenaxe, ou presenza do produto non lineal.

MIÚDO: 1. De pequeno tamaño, con pouco volume. 2. Pequeno e delgado. 3. Que non ten moita importancia, que non é de destacar. Sin. pequeno. **A miúdo:** Moitas veces, con frecuencia, adoito. **Polo miúdo:** Expresión que se aplica á maneira de contar unha cousa, para indicar que se relata con todos os detalles.

MOEDA: 1. Peza de metal, xeralmente circular, con valor establecido e garantido polo estado que a acuña, que se utiliza como medida de valor e medio de pagamento. 2. Unidade que se utiliza como medida de valor nun país. 3. Conxunto de billetes emitidos por un estado. 4. Diñeiro solto.

MOL: Que cede con facilidade. Brando, suave, flexible.

MOSTRA: 1. Acción de mostrar algo, ensinalo, amosalo. 2. Porción dun produto ou mercadoría que presenta as características e propiedades. 3. Proba, sinal, indicación de algo. 4. Presentación pública de diversos obxectos.
Mostra comercial.



MOTIVACIÓN DE COMPRA: Conxunto de factores que estimulan a compra.



NAMENTRES: Expresa simultaneidade entre accións. Sin. mentres, entrementres.


NEGLIXENCIA: Descoido, desleixa, culpa ou despreocupación no cumprimento das obrigas.

NINGUÉN: Indica a inexistencia de persoas. Ningunha persoa.

NINGURES: Ningún sitio, ningún lugar, ningunha parte.

NON PAGO: Falta de pagamento dunha débeda ao final do prazo estipulado para satisfacela.

NOVIDADE: 1. Novo lanzamento dun produto ou servizo. 2. Xéneros ou mercadorías que están de moda, ou que son novos nunha actividade.



OBRIGA DE PAGAMENTO: Obrigación escrita de pagar unha cantidade en tempo determinado. Sin. billete de empréstito.

OBXECCIÓN: Razón ou impedimento que propón o/a comprador/a sobre o produto ou a empresa que pode dificultar o peche da venda.

OFERTA: 1. Proposta que se fai a alguén para chegar a un acordo nun trato. 2. Cantidade de produtos que, nun momento determinado, compiten nun mercado para ser vendidos. 3. Prezo rebaixado co que se pon un produto á venda. 4. Produto cun prezo rebaixado.

OFERTAR: 1. Poñer á venda un produto. 2. Ofrecer mercadorías de oferta.

OFRECEMENTO: Acto ou efecto de ofrecer ou ofrecerse. Sin. proposta.

OLA: Expresión empregada para saudar.

ONDE: Lugar ou no lugar no que está ou acontece algo.

ONTE: No día inmediatamente anterior ao de hoxe..

ORDE DE PAGAMENTO: Modalidade de transferencia bancaria pola que a clientela ingresa na caixa ou autoriza para que se retire da súa conta o importe que desexa que sexa pagado en efectivo ao/a beneficiario/a.

ORZAMENTO: Documento que contén unha previsión, para un determinado período de tempo, dos ingresos e gastos ligados a unha actividade económica. Sin. presuposto.

OUTONAL: Pertencente ou relativo ao outono.



PAGAR: 1. Dar unha cantidade de diñeiro ou outra cousa a cambio de algo. 2. Dar ou devolverlle a alguén o que se lle debe. 3. Ofrecerlle algo a alguén, facéndose cargo dos gastos. Sin. custear, sufragar. **Pagamento:** Acción e efecto de pagar. Sin. pago. *Pagamento a través do móbil, pagar de contado, pago en especie.*


PALÉ: Plataforma de táboas que se emprega para colocar sobre ela os produtos durante a almacenaxe e o transporte.

PAPEL DE AGASALLO: Papel empregado para envolver obsequios.

PAPELAME: Conxunto de trámites que debe realizar unha persoa para resolver un asunto ou resolver unha xestión.


PAPELEIRA: Cesto onde se tiran os papeis insertables e outros obxectos que xa non teñen utilidade.

PARAUGUEIRO: Moble ou recipiente que se coloca á entrada dun establecemento para pousar paraugas.



PARABÉNS: Fórmula empregada para felicitar a alguén.

PECHADO: Aquilo que está ou permanece cerrado con chave ou con ferrollo e que antes estaba aberto. *Pechado por defunción, pechado por reformas.*



PERDA: 1. Acción e efecto de perder. 2. Cantidade e cousa perdida. 3. Resultado económico negativo nunha empresa.

PERÍODO: 1. Tempo ou estado que unha cousa tarda en volver ao estado que tiña ao principio. 2. Espazo de tempo que inclúe toda a duración dunha cousa. 3. Espazo de tempo caracterizado por determinadas circunstancias ou por acontecementos particulares. *Período de rebaixas, período de vacacións.*

PEÑOR: Obxecto que se deixa en garantía para responder dunha débeda, préstamo.

PEÓN: 1. Obreiro non especializado. 2. Persoa que vai a pé. Sin. viandante, transeúnte. *Rúa peonil.*



PERSONAL ESPECIALIZADO: Persoa que ten profundos coñecementos teóricos e prácticos sobre a actividade que está a desenvolver.

PLATAFORMA XIRATORIA: Tipo de expositor que, accionado por algún mecanismo, xira para amosar todas as súas caras.

POLO DE AGORA: Polo de pronto, neste momento, antes de agora.

POR MOR DE: A causa de, por culpa de.

PORCENTAXE: É a maneira de expresar un número como unha fracción de 100.

PORÉN: Expresa oposición dun concepto con outro enunciado anteriormente. Sin. pero, agora que, mais.

PORFIAR: Discutir obstinadamente e con insistencia.

POSICIONAMENTO: Idea dun produto ou servizo que ocupa un lugar na mente dos/as consumidores/as.

PRAZO: 1. Termo ou tempo sinalado para unha cousa. 2. Cada unha das partes dunha cantidade que se paga en varias veces.

PRESCRITOR: Cliente/a que, coñecendo o produto, pode influír por diferentes motivos na adquisición dun ben ou servizo determinado.

PRESENTADOR: Expositor de produtos que adoita ir colocado no mostrador, na parede ou de pé..

PRETO DE: Xunto a, cabo de, case.

PREZO: Importe ou valor que o/a comprador/a dá polo produto ou servizo ao/á vendedor/a.

PROBA: Mostra pequena de algo que serve para demostrar a súa calidade. A proba: Dise daquilo do que se pode catar, examinar ou comprobar antes de mercar.

PRODUCCIÓN: 1. Feito e efecto de producir.
2. Cousa ou conxunto de cousas elaboradas.

PRODUCIR: Facer existir por medio dunha actividade económica, artística, industrial, etc. Sin. xerar, fabricar.

PRODUTO: Ben material que se destina a satisfacer as necesidades dos/as consumidores/as. *Produto complementario, produto de compra impulsiva, produto gancho, produto substitutivo.*

PROFUNDIDADE DA OFERTA: Distintas referencias dun mesmo produto.

PROMOVER: 1. Favorecer a creación ou o desenvolvemento de algo. Sin. *fomentar, impulsar*. 2. Dar a alguén unha categoría ou cargo superior. Sin. ascender.

PROVEDOR/A: Persoa ou empresa que vende, subministra ou abastece produtos ou servizos para a actividade comercial de forma habitual.

PROXECTO: Pensamento, idea de executar algo e de como facelo.

PUBLICIDADE ENGANOSA: Aquela que induce ou pode inducir a erros aos/as seus /súas destinatarios/as, pode afectar o seu comportamento económico ou prexudicar a un competidor.

PUNTOS DE VENDA: Lugares onde a clientela ten a posibilidade de coñecer e obter produtos de determinada compañía.



QUEBRAR: Situación financeira na que non se poden afrontar as débedas. *Quebra. Sin. Creba.*

QUEIXA: Expresión de protesta ou descontento.

QUENDA: 1. Tempo en que lle corresponde a unha persoa facer, recibir ou usar algunha cousa, segundo unha repartición previa. 2. Orde sucesiva que establecen os membros dun grupo para facer ou utilizar algunha cousa por tempo determinado.

QUIZAIS: Denota dúbida ou posibilidade. *Sin. talvez, se cadra, acaso.*



RATO: Aparello periférico empregado en informática que se move coa man para sinalar na pantalla unha acción sen necesidade de usar o teclado.



REBAIXAS: Vendas realizadas polos/as comerciantes/as en determinadas épocas do ano, a un prezo inferior, como consecuencia do remate dunha tempada comercial.

RECADAR: Cobrar ou percibir cartos por calquera concepto, como pagamentos, vendas, impostos, contribucións. *Recadación.*

RECIBO: Documento que xustifica a transacción comercial e se entrega ao/á comprador/a. É legalmente esixible e nel debe figurar a identificación do establecemento, a data de compra, o nome e referencia dos artigos adquiridos, o importe unitario e total e o IVE desagregado. Sin. resguardo. *Recibido.*



RECOMPILAR: 1. Xuntar en compendio. 2. Recoller, reunir ou unir varias cousas.

REDUCCIÓN: 1. Acción ou efecto de reducir ou reducirse. 2. Facer diminución, minguar, ir a menos.

RENDA: 1. Conxunto de bens ou cartos que obtén unha persoa nun período de tempo xeralmente un ano. 2. Utilidade ou beneficio que produce anualmente unha cousa ou o que dela se cobra.

RENDIBILIDADE: Rendemento obtido dun investimento nun período de tempo. Resulta de dividir o beneficio obtido entre o custo.

REPARTIMENTO: 1. Acción ou efecto de repartir. 2. Parte que resulta de distribuír ou organizar algo.

REPARTO EN CAIXAS DE CORREO: Introducción non personalizada de folletos publicitarios nas caixas de correspondencia.

RESERVA GRATUÍTA DE ARTIGOS: Servizo que ofertan algúns establecementos consistente en encargar con anticipación algún produto.



RESGARDO: Papel, documento, copia, etc. que serve para demostrar certo pagamento ou trámite.

RETAILLISTA: Distribuidor polo miúdo encargado de vender produtos ao/a consumidor/a final.

ROUBO: Delito contra a propiedade que comete quen se apodera, con ánimo de lucro, de bens alicios.



SALA DE VENDAS: Zona ou lugar dun establecemento comercial destinada á venda de produtos e servizos.

SALDO: 1. Liquidación dunha débeda. 2. Diferenza nunha conta entre o crédito e o débito ou, se se trata de varias contas, o total dos débitos e créditos. 3. Aquilo que queda sen vender dunha mercadoría e que se vende con rebaixa para esgotalo.



SEGMENTACIÓN DE MERCADOS: Diferenciación dentro do mercado global dun produto ou servizo dun determinado número de submercados homoxéneos, co fin de orientar e adecuar as accións da empresa aos segmentos dese mercado. *Segmento de mercado.*

SEICA: Indica dúbida sobre aquilo do que se fala, pero con certas reservas, xa que é probable que sexa certo. Sin. acaso, disque, ao parecer.

SELAR: 1. Poñer o selo nalgunha cousa. 2. Pechar ou cerrar hermeticamente.

SELO: 1. Sinal que queda estampado ou impreso. Sin. marca, distintivo. Selo do comercio galego 2. Utensilio de metal ou caucho para estampar as letras, cifras, signos, etc. 3. Anaco pequeno de papel, con timbre oficial, que se pega a certos documentos ou como franqueo aos envíos postais.



SERVIZO: Actividade que, sen crear bens materiais, destínase a satisfacer directamente ou indirectamente necesidades humanas. Tipos de servizos: Servizo adicional, servizo de asesoramento, servizo de atención á clientela e servizo postvenda.

SINATURA: Nome escrito pola propia persoa, xeralmente acompañado de rúbrica, en documentos ou cartas.

SINXELO: Simple, non composto, sen adornos.

SLOGAN: Fórmula ou frase breve cun fin publicitario ou de promoción, xeralmente aguda e fácil de recordar.

SOLDO: Remuneración que recibe unha persoa periodicamente polo traballo que realiza en especial por conta allea. Sin. salario, xornal, paga.

SOLO ANTIESVARANTE: Chan adherente que evita escorregóns e caídas.

SUBSCRIBIR: Abonar ou abonarse a unha publicación ou asociación. *Subscripción.*

SUBSTITUCIÓN: Acción ou resultado de cambiar, trocar ou poñer unha cousa no lugar doutra.

SUXESTIÓN: 1. Acción de suxerir. 2. Dicirlle a alguén algo que pode facer, que lle pode ser de utilidade para que o teña en conta. Sin. aconsellar, propor.




TÁBOA: 1. Peza de madeira plana e pouco grosa, polo xeral de forma rectangular e bastante máis longa ca larga. 2. Peza plana e pouco grosa de certos materiais ríxidos. 3. Andel horizontal para soste obxectos nun armario, parede, etc.

TABOLEIRO DE ANUNCIOS: Táboa na que se expoñen ao público anuncios ou avisos.

TAPETE DO RATO: Peza de tecido ou outro material que se pon debaixo do rato do ordenador, para unha mellor utilización deste.

TAPETE



TARXETA DE FIDELIZACIÓN: Instrumento que permite identificar o/a cliente/a como participante nun programa de fidelización.

TAXA: 1. Cantidade de diñeiro que se lle debe de pagar ao estado ou a algún dos seus organismos polos servizos que recibe deles, tendo carácter de imposto ou tributo. 2. Límite no gasto ou consumo de algunha cousa.

TELEFONAR: Chamar por teléfono a algún sitio ou a alguén.

TELÉFONO MÓBIL: Aparello telefónico sen cables que unha persoa pode levar enriba e que lle posibilita a realización e recepción de chamadas desde calquera lugar que se atope dentro da área de cobertura do servizo que o proporciona.

TEMPADA: Período de tempo propio de algo, ou en que algo é característico ou que está destinado a algunha actividade. *Tempada de inverno, tempada de verán.*

TENDA: Establecemento no que se vende polo miúdo todo tipo de obxectos ou mercadorías. *Tenda de desconto, tenda virtual, tendeiro/a.*



TERZO: Cada unha das tres partes iguais nas que se divide un todo.


TIRAR OS PREZOS: Vender por debaixo dos prezos (normais) de mercado.

TPV: Terminal Punto de Venda. Sistema informático que xestiona o proceso de venda mediante unha interface accesible para os/as vendedores/as. O propio sistema permite a creación e impresión do ticket de venda mediante as referencias de produtos, realiza cambios na base de datos e outros labores do negocio.

TRABALLADOR/A: Persoa que traballa por conta allea. Sin. asalariado/a.

TRES POR DOUS: Compra onde se oferta a venda de tres produtos pagando só por dous deles.

TROCO: 1. Acción ou efecto de trocar. 2. Diñeiro que sobra dun pagamento e que se devolve. Sin. volta.



VAICHE BOAI: Expresión coloquial co significado de: xa hai moito tempo que pasou, a boa hora te acordas.

VALIDACIÓN: Acción de que se declare algo válido a través dalgún medio.

VALOR ENGADIDO: Vantaxe introducida nun produto para que non estea situado nun nivel inferior ao dos produtos competidores.

VARIEDADE: Conxunto de referencias específicas que existen nun establecemento para a súa venda.


VENCEMENTO: 1. Feito ou resultado de vencer ou resultar vencido. 2. Cumprimento do prazo dunha débeda, obriga, etc.

VENDA: Acción e efecto de vender. 2. Cantidade de cousas vendidas. *Venda con agasallo, venda con desconto, venda polo miúdo, venda por xunto.*

VIDREIRA: 1. Bastidor con vidros cos que se pechan portas e ventás. 2. Escaparate dunha tenda.

VIDRO: Peza de cristal.

VIXILANCIA: 1. Feito e acción de vixiar. 2. Coidar ou observar con atención unha persoa, cousa ou lugar determinado. *Vídeo vixilancia.*



VOLUME: 1. Intensidade dun son. 2. Medida que ocupa un corpo e medida deste espazo. *Volume de compra.*



XA QUE: Indica causa. Sin.: pois que, posto que.

XALUNDES: Noutro sitio calquera, noutra parte, por aí adiante.

XAORA: Claro, por suposto, daquela, entón.

XEFE/A DE SECCIÓN: Persoa encargada dun departamento ou sección dun establecemento.

XENÉRICO: Artigo sen marca que adoita ser copia doutro artigo orixinal pero a un prezo máis económico.

XÉNERO: Sinónimo de mercadoría, todo aquilo que se pode vender ou comprar.

XERENTE: Encargado/a dos aspectos administrativos ou económicos dunha sociedade ou dunha empresa.

XESTIÓN: 1. Acción e efecto de administrar, dirixir ou organizar. 2. Período de tempo que duran algunhas accións antes citadas.


XESTOR/A: Persoa que tramita ou xestiona algo por conta doutra.

XIRO: Transferencia de diñeiro por medio de letras de cambio, correo, cheques ou outra forma de pagamento, e cantidade así enviada.

XUNTO A: Un ao lado do outro, en contacto, moi cerca.

XURO: 1. Renda que produce un capital. 2. Diñeiro que ten que recibir quen presta de aquel a quen lle prestou. Sin. interese.

XUSTIFICANTE DE IDENTIDADE: Tarxeta ou resgardo que acredita a personalidade de alguén.



XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN: Albará ou resgardo de entrega dunha mercadoría.

XUSTO: 1. Persoa que obra segundo a xustiza ou a razón. 2. Dise do que a penas chega, do que a penas é suficiente.



ZONA DE XOGOS: Lugar destinado ao lecer dos máis pequenos.


**EXPRE-
SIONS
MÁIS
FRE-
CUENTES**

HORARIO DO ESTABLE- CEMENTO

- Aberto de 10:00 a 13:30 e de 17:00 a 20:00.



- Aberto só pola mañá/ Aberto só pola tarde.
- Aberto os sábados pola tarde.
- Franxa horaria.
- Horario de Inverno /Horario de verán.
- Horario ininterrompido de a....
- Pechado por descanso do persoal; por vacacións, por reformas, por defunción.




- Volvo/volto axiña / Volvo/volto en cinco minutos.




PARA A VENDA

- Acéptase o pagamento con tarxeta.



- Admítense cambios e devolucións.



- Artigos a metade de prezo.

- Artigos a prezo de custo.

- Bo Nadal.



- Bonos de aparcadoiro.
- Bonos desconto.
- Caixa de Suxestións.
- Campaña de Nadal.
- Cheque regalo.
- Desexo que che guste.



- Dous por un.
- Entrada/Saída pola outra porta.
- Establecemento accesible para persoas discapacitadas.
- Establecemento climatizado.
- Este artigo está a prezo de custo.
- Existen follas de reclamación á súa disposición.

- Feito a man.
- Felices Festas.



- Financiamento sen intereses.
- Grandes facilidades / Grandes oportunidades.
- Financiamento sen intereses.
- Grandes facilidades / Grandes oportunidades.
- Hoxe todo á metade de prezo.
- Hoxe todo máis barato.
- Liquidación por cambio de escaparate.
- Liquidación por peche.
- Oferta dispoñible ata fin de existencias.
- Para as devolucións é imprescindible presentar o recibo de compra.

PARA AS DEVOLUCIÓNS É
IMPRESCINDIBLE PRESENTAR
O RECIBO DE COMPRA

- Prohibido fumar.
- Prohibido fumar agás en zonas habilitadas.
- Realízanse envíos a domicilio.
- Rebaixas de inverno /Rebaixas de verán.



- Reserva gratuíta de artigos.
- Respetar os espazos sen fume.
- Se non queda satisfeito/a, devolvémoslle o seu diñeiro.
- Servizo a domicilio.

- Tarxeta Agasallo.
- Tarxeta de fidelización.
- Tempada de verán/inverno (Temporada de verán/inverno).
- Todo a metade de prezo por liquidación.
- Tres por dous.



- Últimos días de rebaixas.



CONFU- SIONS SEMÁN- TICAS

Abalar: mover.
Avalar: responder.

Aboar: pagar.
Abonar: inscribir.

Aceitar: con aceite.
Aceptar: admitir.

Achegar: contribuír.
Aportar: chegar a porto.

Asinar: poñer a sinatura.
Asignar: adxudicar.

Cómpre: necesario.
Compre: mercar.

Costo: empinado.
Custo: prezo.

Cumprimentar: executar.
Cubrir: encher un documento.

Dedo: do pé.
Deda: da man.

Depreciar: sen valor.
Desprezar: desconsiderar.

Enxerir: enxertar.
Inxerir: tragar.

Especia: condimento.
Especie: clase, tipo.

Esterno: óso.
Externo: fóra.

Estrema: linde.
Extrema: última.

Esperto: non durmido.
Experto: hábil.

Ferraia: plantas.
Ferralla: ferros.

Fora: verbo ser.
Fóra: exterior.

Grao: medida.
Grado: vontade.

Inverter: cambiar.
Investir: empregar.

Medio día: metade.
Mediodía: hora.

Misto: fósforo.
Mixto: mesturado.

No: en + o.
Nó: lazo.

Ola: recipiente, saúdo.
Onda: do mar.

Oso: animal.
Óso: esqueleto.

Ótico: oído.
Óptico: vista.

Presa: puñado.
Présa: urxencia.

Rabo: extremidade.
Ravo: planta.

Sesta: descanso.
Sexta: seis.

Triunfo: vitoria.
Trunfo: naipe.

Vixiante: adxectivo.
Vixilante: substantivo.

Xeneral: militar.
Xeral: xenérico.

Xulio: nome propio.
Xullo: mes.

Xuro: interese.
Xurro: líquido.

Zoa: verbo zoar.
Zona: lugar, parte.

ERROS MÁIS FRE- CUENTES



ASÍ NON:

A ciencia certa..
A costa de.
A cotío.
A maior abundamento.
Á maior brevidade posible.
A pagar.
A penas.
A petición de.
A prezo alzado.
A veces.
Abalorio.
Abandoado.
Abogado.
Abono en conta.
Abotonar.
Abultar.
Acarrear (obxectos).
Acarrear consecuencias.
Aceituna.
Aceira.
Acné.
Acopiar.
Acoplar.
Acortar.
Acostumbrar.
Acreedor.
Acuse de recibo.
Adeudar.
Adxuntar.
Aforo.
Agasaxar.
Agobiado.
Agolparse.
Agotamento.
Agotar.
Agradecimiento.
Ahí.
Aillar.
Alaxa.
Albarán.



ASÍ SI:

De certo, con certeza.
A custa de.
Acotío.
A maior abastanza.
O máis axiña posible, coa maior brevidade.
Que hai que pagar.
Apenas.
A pedimento de.
A prezo axustado.
Ás veces.
Abelorio.
Abandonado.
Avogado.
Aboamento na conta.
Abotoar.
Avultar.
Carrexar, carretar.
Comportar, ocasionar.
Oliva.
Beirarrúa.
Acne.
Amorear.
Axustar.
Acurtar.
Acostumar.
Acredor.
Notificación de recepción.
Deber.
Achegar, xuntar, acompañar.
Capacidade, cabida.
Agasallar.
Abafado, atarefado.
Amorearse.
Esgotamento.
Esgotar.
Agradecemento.
Aí.
Illar.
Alfaia.
Albará.



ASÍ NON:

Alcantarilla.
Alcantarillado.
Alexado.
Alquilar.
Altavoz.
Alumbrado.
Ambente.
Amenaza.
Amistade.
Amoldar.
Amonestación.
Amontonar.
Amplio.
Antiguo.
Antoxo.
Ao meu entender.
Ao por maior.
Ao por menor.
Apariencia.
Apenar.
Aperos.
Aplazar.
Aportación.
Apremio.
Arreglar.
Arrinconar.
Artículo.
Asamblea.
Asequible.
Avería.
Averiguar.
Barandilla.
Barrer.
Basura.
Beca.
Bienvenida.
Botiquín.
Búsqueda.
Buzón.
Cadena.
Calificar.



ASÍ SI:

Sumidoiro.
Rede de sumidoiros.
Afastado.
Alugar.
Altofalante.
Iluminación.
Ambiente.
Ameaza.
Amizade.
Acomodar.
Amoestación.
Amontoar.
Amplo.
Antigo.
Antollo.
Ao meu ver.
Por xunto.
Polo miúdo.
Aparencia.
Aflixir.
Apeiros.
Aprazar.
Contribución, achega.
Prema.
Amañar, arranxar.
Acantoar.
Artigo.
Asemblea.
Accesible.
Avaría.
Investigar, pescudar.
Varanda.
Varrer.
Lixo.
Bolsa.
Benvida.
Botica.
Procura.
Caixa de correos.
Cadea.
Cualificar.



ASÍ NON:

Calqueira.
Camilla.
Campeón.
Carretera.
Cercanía.
Cerciorarse.
Ceremonia.
Cerilla.
Cese.
Chamativo.
Chequeo.
Cinturón.
Clavo.
Colindante.
Comenzar.
Complacer.
Compraventa.
Con arreglo a.
Con creces.
Con fecha de.
Conceito.
Conducta.
Conflicto.
Conlevar.
Conocer.
Construcción.
Contenedor.
Contraseña.
Convalidar.
Correxir.
Corto.
Coste.
Cotidiano.
Creer.
Cuarenta.
Cuarentena.
Cuota.
Danos e prexuízos.
Dañar.
Decir.
Deduzca.



ASÍ SI:

Calquera.
Angarella, padiola.
Campión.
Estrada.
Proximidade.
Comprobar, asegurarse.
Cerimonia.
Misto.
Cesamento.
Rechamante.
Revisión, recoñecemento.
Cinto.
Cravo.
Contiguo.
Comezar.
Compracer.
Compravenda.
De acordo con.
De sobra.
Con data de.
Concepto.
Conduto.
Conflito.
Levar.
Coñecer.
Construción.
Contedor, colector.
Contrasinal.
Validar.
Corrixir.
Curto.
Custo.
Cotián.
Crer.
Corenta.
Corentena.
Cota.
Danos e perdas.
Danar.
Dicir.
Deduza.



ASÍ NON:

Desagüe.
Desarrollar.
Desbaraxuste.
Descripción.
Desechable.
Deseo.
Desglosar.
Desgracia.
Espacio.
Despido.
Destrozo.
Deuda.
Disculpa.
Diseño.
Doblar.
Edad.
Elixir.
Empleo.
Encender.
Encuesta.
Endeudarse.
Enfrente.
Enseñar.
Entorno.
Esbelto.
Escasez.
Espacio.
Espaldas.
Estreno.
Estuche.
Evaluar.
Examen.
Excusa.
Extender.
Extraño.
Facer a vista gorda.
Falda.
Farola.
Fecha.
Financieiro.
Fleco.



ASÍ SI:

Sumidoiro.
Desenvolver.
Desfeita, desastre.
Descrición
Desbotable.
Desexo.
Desagregar.
Desgraza.
Amodo.
Despedimento.
Estrago.
Débeda.
Desculpa.
Deseño.
Dobrar.
Idade.
Elixir.
Emprego.
Acender.
Enquisa.
Endebedarse.
Enfronte.
Ensinar.
Contorno.
Esvelto.
Escaseza.
Espazo.
Costas, lombo.
Estrea.
Estoxo.
Avaliar.
Exame.
Escusa.
Estender.
Estraño.
Facer o cego.
Saia, faldra.
Farol.
Data.
Financieiro.
Floco.




ASÍ NON:

Floxo.
Fragancia.
Frente.
Gafas.
Ganar.
Goloso.
Graso.
Grieta.
Hacia.
Hacienda.
Hallar.
Hola.
Hombro.
Hueco.
Huella.
Icono.
Impago.
Impersonal.
Incordio.
Inconvinte.
Incurrir.
Induzca.
Inscripción.
Interés.
Intervenir.
Inxusticia.
Lápiz.
Largo.
Leer.
Lentilla.
Libreta.
Limpiar.
Listín.
Maestro.
Mampara.
Maniobra.
Maniquí.
Manosear.
Marxen.
Mataselos.
Menguar.



ASÍ SI:

Frouxo.
Fragrancia.
Fronte.
Lentes.
Gañar.
Lambón.
Graxo.
Greta.
Cara a.
Facenda.
Atopar.
Ola.
Ombro.
Oco.
Pegada.
Icona.
Non pago.
Impersoal.
Encordio.
Inconveniente.
Incorrer.
Induza.
Inscrición.
Interese, xuro.
Intervir.
Inxustiza.
Lapis.
Longo.
Ler.
Lente de contacto.
Caderno.
Limpar.
Lista.
Mestre.
Biombo.
Manobra.
Manequín.
Apalpar, sobar.
Marxe.
Cuño.
Minguar.



ASÍ NON:

Menosprecio.
Mentiroso.
Mentras.
Menudo.
Mezcla.
Mismo.
Moneda.
Móvil.
Muestra.
Nada máis.
Nadie.
Navidad.
Nadaleño.
Noraboa.
Novedade.
O abaixo firmante.
Obxectivo.
Obscuro.
Ocurrir.
Oficiña.
Olvido.
Ordear.
Orixen.
Otoñal.
Otorgar.
Pagaré.
Pañuelo.
Parexa.
Pasillo.
Peatonal.
Pegatina.
Peine.
Peligro.
Persona.
Pertener.
Perxudicar.
Pin.
Plancha.
Planexar.
Plantear, plantexar.



ASÍ SI:

Menosprezo.
Mentireiro.
Mentres.
Miúdo.
Medida.
Mesmo.
Moeda.
Móbil.
Mostra.
Máis nada.
Ninguén.
Nadal.
Do Nadal.
Parabéns.
Novidade.
O que abaixo asina.
Obxectivo.
Escuro.
Ocorrer.
Oficina.
Esquecemento.
Ordenar.
Orixe.
Outonal.
Outorgar.
Obriga de pagamento, billete de empréstito.
Pano.
Parella.
Corredor.
Peonil.
Adhesivo.
Peite.
Perigo.
Persoa.
Pertencer.
Prexudicar.
Insignia.
Ferro de pasar.
Planear.
Formular, expor, presentar.



ASÍ NON:

Plantexamento.
Plantilla.
Plazo.
Por elo.
Precio.
Presionar.
Producto.
Quehacer.
Rasgo.
Razonar.
Recaudar.
Reflexar.
Regla.
Renta.
Reproductor.
Resbalar.
Resonar.
Respeto.
Respostar.
Resumen.
Retraso.
Rexa.
Rincón.
Saludo.
Según.
Sen embargo.
Sencillo.
Senso.
Señal.
Servicio.
Silla.
Sobrelevar.
Soer.
Sonido.
Sonreír.
Sueldo.
Suelto.
Surtido.
Surtir.
Sustancia.



ASÍ SI:

Formulación, exposición, presentación.
Cadro de persoal, soleta, guía.
Prazo.
Por iso.
Prezo.
Premer, apertar.
Produto.
Quefacer.
Trazo.
Razoar.
Recadar.
Reflectir.
Regra.
Renda.
Reprodutor.
Esvarar.
Resoar.
Respecto.
Responder.
Resumo.
Atraso.
Reixa.
Recanto.
Saúdo.
Segundo.
Non obstante, porén.
Sinxelo.
Sentido.
Sinal.
Servizo.
Cadeira.
Soportar, aturar.
Acostumar, adoitar.
Son.
Sorrir.
Soldo.
Solto.
Variedade.
Fornecer.
Substancia.



ASÍ NON:

Suxerencia.
Suxetar.
Tabla.
Tableiro.
Talla.
Tanda.
Tantear.
Taquilla.
Tarea.
Tasa.
Taza.
Techo.
Tela.
Temprano.
Tercio.
Terno.
Texido.
Textil.
Tiza.
Todavía.
Tono.
Traducción.
Trasto.
Triple.
Turno a favor.
Ubicación.
Umbral.
Utilexe.
Vacacional.
Vaciar.
Vidrio.
Vistazo.
Voluntade.
Vuelta.
Xaleo.
Xenerar.
Xoven.
Xunio.



ASÍ SI:

Suxestión.
Suxeitar.
Táboa.
Taboleiro.
Talle.
Quenda, serie.
Tentear.
Despacho de billetes.
Tarefa.
Taxa.
Cunca.
Teito.
Tea.
Cedo.
Terzo.
Tenro.
Tecido.
Téxtil.
Xiz.
Aínda.
Ton.
Tradución.
Traste.
Triplo.
Rolda a favor.
Situación.
Soleira.
Útiles, equipamento, ferramenta.
De vacacións.
Baleirar.
Vidro.
Ollada.
Vontade.
Volta.
Barullo.
Xerar.
Novo, mozo.
Xuño.

ANEXOS

ANEXOS

NORMAS DE USO

Sin.: sinónimo.

En negra: aparecen locucións, frases feitas, expresións, etc. das que forma parte a palabra de entrada.

Cursiva: aparecen en cursiva as familias de palabras formadas sobre a mesma raíz e as expresións nas que o seu uso é frecuente.

DIRECCIÓN DE INTERESE

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Edificios Administrativos San Caetano, s/n

I 5704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 54 54 00 - Fax: 981 54 49 49

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO

Edificios Administrativos San Caetano, s/n

I 5704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 54 43 41 - Fax: 981 54 55 41

Correo electrónico: dxcomercio@xunta.es

SERVIZO DE ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO DA XUNTA DE GALICIA

Edificios Administrativos San Caetano, s/n

I 5704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 54 68 78 - Fax: 981 54 44 24

Correo electrónico: sxpl.asesoramentolingua@xunta.es

REAL ACADEMIA DA LINGUA GALEGA

Rúa Tabernas, 11

I 5001 A Coruña

Tel.: 981 20 73 08 - Fax: 981 20 73 08

Correo electrónico: secretaria@realacademiagalega.org

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Universidade de Santiago de Compostela

Enderezo: Pr. da Universidade, 4

I 5782 Santiago de Compostela

Tel.: 981 56 52 83

Correo electrónico: ilgsec@usc.es

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

“Diccionario da Real Academia Galega”. 1ª Ed. RAG. A Coruña. Novembro 1997.

“Diccionario de Galaxia de Usos e Dificultades da Lingua Galega”. Editorial Galaxia. Vigo. 2004.

“Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGa)”. Coordinadores: Manuel González González e Antón Santamarina Fernández. ILGA E RAG. A Coruña.

“Diccionario Ilustrado do Comercio”. Federación Galega de Comercio.

“Diccionario de Galego”. Editorial Ir Indo.

“Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma galego”. RAG/ILG 3ª Ed. Santiago de Compostela. 2003.

PÁXINAS WEB

www.realacademiagalega.org/volga/index.jsp

www.digalego.com (Editorial Ir Indo)

b i b l i o t e c a b á s i c a d o c o m e r c i o

biblioteca básica do comercio



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Comercio



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia